

O tribunal nomeado para a selección de persoal laboral con carácter temporal para a contratación dun/ha **analista de laboratorio (grupo III, categoría 17); Técnico/a Superior en Acuicultura**, para a realización do proxecto de investigación "**Restauración dos bancos naturais de ostra plana (*Ostrea edulis, Linnaeus 1758*) na enseada de San Simón (Ría de Vigo)**". **OSTREARES**, código de proxecto **PR004A 2024/01**, acordou, segundo o punto 5.4 das bases da convocatoria do proceso de selección, propor a esta Secretaría Xeral Técnica, órgano convocante, a persoa candidata seleccionada no dito proceso, unha vez publicadas as listas definitivas coas puntuacións obtidas polas persoas admitidas ao mesmo.

Revisado o proceso e a proposta do tribunal de selección, esta Secretaría Xeral Técnica,

ACORDA

PRIMEIRO.- Resolver a convocatoria seleccionando a **Manuel Ángel GARCÍA GRAÑA**, NIF ****384***, por ser a persoa coa maior puntuación no proceso selectivo, ao obter unha puntuación de 5,00 puntos. A persoa seleccionada deberá aceptar o posto no prazo de tres (3) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web da consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal>), procedéndose a continuación a realizar os trámites para a formalización da contratación laboral de carácter temporal obxecto da convocatoria, prevista na base 1.3 da mesma.

SEGUNDO.- No caso de non producirse nese prazo a aceptación expresa da persoa seleccionada, procederase ao chamamento da seguinte persoa candidata con maior puntuación para o posto. A estes efectos, establécese a seguinte **lista de suplentes**, de acordo coa base 5.5 da convocatoria, cuxa vixencia coincidirá coa duración do motivo que xustifica a cobertura temporal do posto:

- 1) Rocío Vicente Fernández, *** 753***; 3,8 puntos
- 2) Roberto Carlos Dios Quintáns, ***482***; 0 puntos

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou poderase impugnar directamente no xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela
A secretaria xeral técnica

Marta Barreiro Castro

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal

